

## Achega sinxela á narrativa de Manuel María

ANDRÉS POCIÑA

Para Manuel María na lembranza  
Para Saleta Goi na presenza

### 1. A NARRATIVA DE MANUEL MARÍA, UNHA PARTE ESQUECIDA DA SÚA OBRA

Varias son as razóns que se poden dar nun intento de explicarmos a relegación a un plano moi secundario, case ao esquecemento, da obra narrativa de Manuel María. Unha, a máis sinxela, podería ser atribuírlle semellante marxinação á importancia doutros aspectos da súa literatura, sobre todo a poesía, pero tamén o teatro e o xornalismo; mais resulta razón de pouco peso, e desde logo non aplicábel dentro dunha literatura como a galega, na que é normal que escritoras e escritores teñan por hábito cultivaren xéneros variados, en verso e en prosa, sen que haxa necesidade de relegar a postos secundarios un ou varios por referencia a outros.

Outra razón posíbel, no caso de Manuel María, podería basearse no feito de que non cultivou a narrativa con asiduidade ao longo de toda a súa vida literaria. E realmente resulta certo que podemos falar de dúas etapas importantes na produción narrativa propiamente dita do noso escritor, a primeira aproximadamente dos anos 1950 a 1973, a segunda de 1990 ata o seu pasamento, en 2004. Porén, este motivo tampouco non resulta moi convincente, porque non cremos que o valor dun escritor, ou dunha parte da súa produción literaria, teña que avaliarse empregando un baremo tan pouco adecuado como son as básculas.

Outra razón, non só posíbel senón probábel de abondo, é o descoñecemento da narrativa de Manuel María; un descoñecemento no que poderíamos falar de dúas vertentes, unha por parte do público lector, imputábel quizais non só ao feito da escaseza dos “consumidores” de literatura escrita nos nosos días, senón tamén a non existiren moitas edicións da obra en prosa do escritor chairego. A outra vertente deste problema é moito máis grave: refirome ao descoñecemento que amosan abertamente e sen escusa posíbel tantos e tantos estudos da literatura galega sobre a narrativa de Manuel María. Eu podería ofrecer moitos datos sobre este particular, e lembrar enciclopedias da literatura galega que datan a primeira colección de contos de Manuel María en 1962, cando, evidentemente, foi en 1952 cando a benemérita “Celta” de Lugo editou *Contos en cuarto crecente*; ou que a ese libro de 1952 lle dean o título de *Contos en cuarto crecente e outras prosas*, libro, este si, que apareceu na mesma editorial e cidade en 1962; e lembrar tamén, e criticar de camiño, a ausencia do Manuel María narrador en historias da literatura, nalgunha enciclopedia feita en Galiza, etc. etc. Son feitos para os que non serve o cualificativo de esquecemento, e cómpre empregar outros máis duros, quizais descoñecemento, mesmo ignorancia, absoluta ignorancia. Procedendo, como é o meu caso persoal, dunha disciplina filolóxica na que habitualmente me dedico ao estudo da literatura latina e a súa pervivencia nas literaturas modernas, e só de xeito ocasional, pero con entusiasmo non máis pequeno, ao estudo da literatura galega moderna, non vou escribir aquí páxinas sobre as omisións que se fan deste aspecto da escrita de Manuel María, ou sobre os despropósitos que sobre ela se verten moi a miúdo. Nin sequera vou amosar os datos concretos desta lamentábel situación da investigación sobre este aspecto nas notas que acompañarán este traballo nas Actas deste Congreso, nas que farei só referencia a aqueles traballos que me foron de proveito<sup>1</sup>. En calquera caso, quen non se teña achegado a este particular da investigación sobre o escritor de Outeiro de Rei pode acreditar en min se digo que a maneira de esquecerlo, de descoñecelo ou de ignoralo resulta verdadeiramente vergoñenta...

Por unha decisión do *fatum* que nunca agradeceréi abondo, e porque un ten a fortuna de ter bos amigos e boas amigas no mundo que se move arredor da literatura galega, hai tempo que me foi confiada a preparación do relatorio para este Congreso, que hoxe presento aquí; dende entón, dediqueime por completo ao estudo da narrati-

<sup>1</sup> Entre estes quero salientar o volume-homenaxe publicado pola Asociación Cultural Xermolos, *Manuel María*, Lugo, 2001, libro no que achei moita axuda, sobre todo nos traballos “Manuel María”, de Alfonso Blanco Torrado (pp.109-130); “A miña vella amizade con Manuel María e tamén con Saleta”, de Pilar Vázquez Cuesta (pp. 159-172); “Poesía social, poesía de denuncia... poesía socialrealista”, de Camilo Gómez Torres (pp. 289-332); “A literatura infantil e xuvenil”, de Xabier P. Docampo (pp. 483-488); “A narrativa”, de Armando Requeixo (pp. 509-531); “Que é a realidade?”, de Luisa Villalta (pp. 533-535). Obra inexcusábel para calquera tipo de estudo sobre Manuel María é agora o completísimo repertorio bibliográfico recollido por Camilo Gómez Torres, *Bibliografía de Manuel María*, Lugo, Fundación Manuel María da Terra Cha, 2003, así como as monografías do mesmo autor *Manuel María: os traballos e os días*; Santiago de Compostela, Edicións Laidvento, 2001, e *O tempo vital de Manuel María*, Vigo, Edicións A Nosa Terra, 2005. E tamén as seguintes obras: M. López Foxo, “Achegamento á prosa de Manuel María”, *Follas Secas* 12 (1987) 22-23; X. M<sup>o</sup> del Caño, *Conversas con Manuel María*, Vigo, Xerais, 1990; C. Gómez Torres, “Manuel María e o seu tempo”, en *Historia de Literatura Galega*, fasc. 39, Vigo, ASPG e A Nosa Terra, 1996; e outras máis que indico no lugar onde as cito.

va de Manuel María, que coñecía moito menos do que agora a coñezo, e que, daquela, admiraba bastante, pero non tanto como agora a admiro. Como resultado desta miña primeira “achega sinxela” á narrativa de Manuel María, pensei que un resumo de resultados debía tratar inexcusabelmente os seguintes aspectos:

1. A necesidade dunha edición crítica da “Narrativa completa” de Manuel María, unha edición que recollese canto publicou e canto revisou, pero tamén canto publicou pero deixou sen revisar, e sen dúbida a narrativa que pode restar aínda inédita. É unha tarefa absolutamente indispensábel para que o público lector poda achegarse a esta parte da escrita do noso autor, pero tamén para que a investigación, a múltipla e variada investigación que cómpre facer sobre ela, teña un soporte serio e válido sobre o cal traballar, e non un cumio de edicións independentes, algunhas non doadas de atopar, algunhas cheas de grallas, algunhas precisadas da revisión que Manuel María queredría ter feito el mesmo. Só eu sei o moito que tiven que molestar a moitas persoas queridas: Alfonso Blanco Torrado, Marica Campo, María Pilar García Negro, Camilo Gómez Torres, Saleta Goi, Claudio Rodríguez Fer, Carme Vilariño Vilariño, para conseguir todas e cada unha das distintas edicións da narrativa de Manuel María. Pensar que para estudala sexa preciso facer unha pescuda tan longa e detida pode explicar esa situación deficiente da investigación a que antes aludín. Quede de camiño expresado o meu agradecemento polo moito que me axudaron estas amigas e amigos<sup>2</sup>.

2. A necesidade de facer unha descrición completa, sen fallas e sen erros, das edicións da narrativa de Manuel María, baseada evidentemente na consulta e manexo directo dos exemplares, e non por simple referencia. Este traballo penso que queda realizado neste meu relatorio que hoxe vou soamente resumir ante vós, e que será publicado nas Actas.

3. A necesidade de estudar a narrativa de Manuel María dende aspectos como son os trazos fundamentais do conxunto; os seus valores mais destacados, fundamentalmente o literario, o político, o educativo; o galego da obra en prosa de Manuel María. Sobre estes aspectos teño algunhas conclusións, froito das moitas horas de lectura da narrativa de Manuel María, e procurarei resumilas, pero advertindo que queda moito por facer, moito que estudar para encher ese baleiro na investigación sobre a inmensa obra literaria deste gran home e inmenso escritor que foi, é e será honra de Galiza e das letras galegas.

## 2. CONSIDERACIÓNS PARA UNHA EDICIÓN CRÍTICA DA NARRATIVA

Acabo de dicir que a esixencia primeira e fundamental á que nos leva un desexo de divulgar e de estudar rigorosamente a narrativa de Manuel María consiste na

<sup>2</sup> Agradecemento ao que quero engadir outro, moi especial, ao meu fillo Andrés-José Pociña López polo impagábel coidado, sabedoría e atención que puxo na revisión do texto definitivo deste traballo.

realización dunha edición crítica do seu conxunto. Cando Aurora López e mais eu publicamos o primeiro volume da *Poesía Galega Completa* de Rosalía de Castro, escribimos: “Por definición hai tempo consolidada, a finalidade de toda edición crítica dunha obra literaria debe ser a reconstrución dun texto que sexa o máis semellante posíbel ao último do seu autor, ou, se se quere, ao que este considerou definitivo”<sup>3</sup>. No entanto, cada autor presenta particularidades peculiares á hora de facer a edición crítica dunha obra súa ou, como no caso que estou a propor, dunha parte determinada da súa escrita.

O caso da narrativa de Manuel María é moi particular, e resulta interesantísimo: a maior parte dos contos, relatos literarios, novelas curtas que publicou no que eu vou chamar no meu catálogo “Narrativa da primeira época, anos 1951-1973”, volve editarse, despois dunha coidada revisión do autor, en dous volumes antolóxicos: en Manuel María, *Os antes do silencio* (1990) recollerá boa parte das pezas curtas, e en *As ribeiras son escuras* (1997, 1ª ed.) o que el define como as súas “noveliñas”, en realidade as tres obras narrativas de meirande extensión. Só con ollar as datas, decátamonos de que entre as primeiras edicións e as destes dous volumes transcorre un espazo de entre corenta e vinte anos, pero ademais corresponde a un tempo en que a normativa fonética, morfolóxica, léxica, do galego escrito está suxeita a inmensos cambios. Manuel María, con esa omnipresente preocupación pola lingua que achamos en todas as etapas da súa obra en verso e en prosa<sup>4</sup> sabe que non pode nin debe seguir editando as súas prosas como fixera nos vinte primeiros anos, e procede a unha posta ao día que non afecta só á ortografía, senón ao léxico, a recursos literarios, a determinados contidos. Veremos dous exemplos que poden explicar o cambio moito mellor que canto eu diga.

En 1951, no libro colectivo *Presencia de Curros y Dª. Emilia*, publica Manuel María os seus primeiros catro contos, entre os que se atopa o que leva por título *O Tío Casas*<sup>5</sup>, un conto que sempre estimou moito o noso autor, que o incluíu no ano seguinte no seu primeiro libro de narrativa, *Contos en cuarto crecente*<sup>6</sup> (1952), dez anos máis tarde en *Contos en cuarto crecente e outras prosas*<sup>7</sup> (1962), e por fin, no

<sup>3</sup> Rosalía de Castro, *Poesía Galega Completa I, Cantares gallegos*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco Edicións, 1992, p. XLVI.

<sup>4</sup> Cf., malia estar falando da obra poética de Manuel María, as consideracións de Camilo Gómez Torres, “Usos, actitudes e prexuízos lingüísticos na súa poesía” (A. C. Xermolos, *Manuel María*, cit.), p. 335: “Manuel María achégase á lingua desde a súa posición de galegofalante consciente do seu ser, estar e pertencer a unha clase social e a unha cultura nacional e diferenciada, desde a súa posición de poeta comprometido con Galiza e o seu destino; e como tal fala, centrando a problemática nos seus planos máis esencializadores: o da valoración, significación e transcendencia da lingua como a máis pura expresión do ser de Galiza, e o das actitudes, usos e posicionamentos individuais e colectivos ou de clase que os galegos temos diante do idioma”.

<sup>5</sup> Manoel María, *Contos*, en AA. VV., *Presencia de Curros y Dª. Emilia*, Vigo, Galaxia, 1951, pp. 64-66.

<sup>6</sup> Manoel María, *Contos en cuarto crecente*, Lugo, Ediciones “Celta”, 1952, pp. 43-47.

<sup>7</sup> Manuel María, *Contos en cuarto crecente e outras prosas* (2ª edición corrixida e aumentada), Lugo, Edicións “Celta”, 1962, pp. 71-74.

ano 1990, en *Os ontes do silencio*<sup>8</sup>. Velaí o comezo do relato na versión de 1951 e na de 1990, na que saliento con negriña os cambios e as innovacións e encerro entre colchetes as partes que non aparecen no texto revisado:

*Hai us anos eu era amigo do “Tío Casas”. Moitas tardes de vagar falábame de cousas que pasaron. I-eu escoitaba arrebatado, as palabras de aquel vello que parecían unxidas por algún deus antigo i-esquencido. As palabras do “Tío Casas” semellaban raiolas de luz pura, arrolos de piñeirial, ou murmurio de choiva no silencio da noite, fondo coma o mar. O falar da súa mocidade a súa voz tiña un tremor emotivo e saudoso como unha luz de mencer que anda a morrer. A súa xuventude era algo tan lonxano que él xa non sabía de fixo si era soño ou realidade. De aqueles mozos amigos somentes quedaba unha lembranza vaga e difusa, como unha mañá de brétema imprecisa. Aquel Xan Montes, pequeno e seguro, que él soliño desfixera a festa do San Bieito! Aquel Fermín do Argalleiro, bon bebedor e forte coma un penedo! Aquel Xosé de Hortas que nunha feira en Castro corréu ós homes de sete parroquias! E Manoel de Bernabel, que non saía das saias de súa nai e logo falaba como si él mandara e dispuxera na casa...! (p. 64)*<sup>9</sup>

*Hai **unhos** anos eu era amigo do “Tío Casas”. Moitas tardes de vagar falábame de cousas que pasaron. **E eu** escoitaba [**arrebatado,**] **as verbas** **daquel** vello que **semellaban** unxidas por algún deus **antergo** e esquencido. As **verbas** do “Tío Casas” eran claras como a luz [**semellaban raiolas de luz pura, arrolos de piñeirial, ou murmurio de**] **furaban en ún como a** choiva no silencio da noite[, **fondo**] e eran **fondas** coma o mar. **Ó** falar da súa mocidade a súa voz tiña un tremor emotivo e saudoso como unha luz de mencer que anda a morrer. A súa xuventude era algo tan lonxano que él xa non sabía de fixo **se fora** soño ou realidade. **Daqueles** mozos amigos e **compañeiros** só quedaba unha lembranza vaga, [**e**] difusa[,] como unha [**mañá de**] brétema [**imprecisa**]. ¡Aquél Xan **de** Montes, pequeno e seguro, que él só desfixera **unha** festa do San Bieito! ¡Aquél Fermín do Argalleiro, **bó** bebedor e forte **como** un penedo! Aquél Xosé de Hortas, **case un xigante**, que nunha feira en Castro **correra** ós homes de sete parroquias...! [**E Manoel de Bernabel, que non saía das saias de súa nai e logo falaba como si él mandara e dispuxera na súa casa...!**] (p. 49)*

O segundo exemplo corresponde ao conto *A rosa*, publicado por primeira vez en *Contos en cuarto crecente*<sup>10</sup>, un relato moi querido para Manuel María porque nel

<sup>8</sup> Manuel María Fernández Teixeiro, *Os ontes do silencio*, A Coruña, Editorial Nova Galicia, 1990, pp. 49-52.

<sup>9</sup> Tendo en conta as diferenzas na ortografía que emprega Manuel María ao longo dos anos, quero advertir que sempre que cito textos seus decidín poñelos sen ningún cambio, mesmo cando hai erratas, empregando sempre letras cursivas.

<sup>10</sup> Manoel María, *Contos en cuarto crecente*, Lugo, Ediciones “Celta”, 1952, pp. 49-54.

facía a súa presentación Manuel de Paderna, un dos personaxes máis recorrentes en toda a súa escrita<sup>11</sup>. A versión que atopamos trinta e oito anos despois en *Os ontos do silencio* é tan diferente que prefiro poñer os dous fragmentos, un a carón do outro, sen empregar negriñas nin outros expedientes para sinalar as diferenzas:

*Manoel de Paderna sabe moito de volvoretas, de paxaros, da infrencia da lua nas sementes...*

*Aquel día díxome:*

*-Monseñor Manoel: as estrelas son sucos recén arados que se perden no mar...*

*-Que se perden no mar...*

*-Monseñor Manoel: as estrelas quixeran ser gaitas pra que vostede as recollera nun poema.*

*-Si: nun poema de ondas e de xerfas...*

*-Monseñor Manuel: as estrelas quixeran vivir no pulso do mar o (sic) no río máis senlleiro...*

*-Cecais...*

*-Monseñor Manoel: as estrelas teñen un candor de avomaría...*

*E verdade...*

*-Monseñor Manoel: as estrelas..., as estrelas..., as estrelas...*

*E Manoel de Paderna tremaba. Era de nebra, de ceio, de luar, de canto de resiñol feito solemnidade na noite (pp. 50-51).*

*Manuel de Paderna coñece as volvoretas polo vó, ós paxaros polo canto e sabe de tódalas influencias da lua nas sementes, incluso na do home.*

*Aquel día Manuel de Paderna díxome:*

*-Monseñor: as estrelas están moi outas pra vixiar os nosos soños.*

*-Un soño, amigo, sempre ten que ver coas estrelas. Aínda que sea un soño mouro.*

*-Monseñor: as estrelas case non son unha realidade.*

*-As estrelas son só, meu amigo, un escintileo e pouco máis.*

*-Monseñor: as estrelas inquédanme.*

*-As estrelas, meu amigo, as estrelas...*

*-Eu teño medo das estrelas, Monseñor: As estrelas énchenme de arrepío.*

*-Non caviles nas estrelas, Manuel. Non caviles...*

*-As estrelas, Monseñor: As estrelas... Sempre as estrelas por derriba de nós. Sempre as estrelas vixiando os nosos soños. As estrelas, Monseñor...*

<sup>11</sup> De feito verémolo aparecer a cada intre na escrita de Manuel María, que mesmo chegará a empregar o nome de Manuel de Paderna como heterónimo en diversos poemas seus (cf. C. Gómez Torres, *Bibliografía de Manuel María*, cit., p. 92)

*E Manuel de Paderna tremaba. Era de nebra, de luar. Era un canto de ruiseñol que se fai medo na noite* (pp. 54-55)<sup>12</sup>.

Partindo destas premisas, unha edición crítica de narrativa de Manuel María debe ofrecer como texto definitivo o revisado polo autor, mais dende logo esculcando as posíbeis incongruencias e emendando as erratas, que, por exemplo, abundan de máis no libro *Os ontes do silencio*.

Un caso distinto áchase naqueles relatos correspondentes aos primeiros tempos, que Manuel María non recolleu nas dúas antoloxías de 1990 e 1997: refírome aos contos titulados *Conto pra durmir un neno*, *O bico* e *A luzada*, aparecidos en *Presencia de Curros y D<sup>a</sup>. Emilia*, máis o titulado *Vosoutras, miñas amigas*, que aparece por primeira vez en *Contos en cuarto crecente*. Temos a seguridade de que o noso autor decidiu non reeditalos, porque non tiña un concepto precisamente bo destes seus relatos primeirizos: de feito, nas “Verbas do autor” que coloca ao comezo da edición de 1962, sinala: “*Si sete contos eran os que se incluían na primeira edición, sete contos se inclúen nista segunda. Da primeira edición suprimín catro contos que substituíñ por outros: os contos suprimidos, vellos e inocentes, non valen xa, ó meu xeito de ver, pra reeditar novamente*”<sup>13</sup>; e, anos despois, opina sobre eles que “*Eran unhos relatos moi inxénuos e inespertos*”<sup>14</sup>. De todas maneiras, non hai a menor dúbida de que unha edición da narrativa completa de Manuel María ten que incluílos, e, neste caso, na miña opinión, o editor debe afrontar a pesada e perigosa tarefa de corrixir a ortografía de acordo coas normas que empregou Manuel María na posta ao día de todos os contos, relatos e noveliñas restantes.

Penso, en fin, que unha edición crítica ideal da *Narrativa completa* de Manuel María debe levar un rico aparato crítico a pé de páxina, de xeito que o lector ou lectora que teña curiosidade, e, por suposto, os seus futuros estudiosos e estudosas, dispoñan con comodidade non só daquela versión que foi a última do autor, senón tamén de como o escritor foi remodelando con todo coidado e agarimo os seus textos até chegar a esa versión que consideraba a mellor. Resulta verdadeiramente emocionante comprobar, por medio da comparación e da evolución dos textos de Manuel María, de que maneira o noso querido escritor amaba a súa obra, e a traballaba incesantemente para facela chegar a nós da forma máis perfecta posíbel.

Outro problema, en fin, que non se pode evitar, é a cuestión de onde debemos poñer o límite entre a narrativa literaria propiamente dita, e a narrativa xornalística de Manuel María. En efecto, hai moitos artigos de Manuel María publicados en xornais que, polo que respecta á extensión, son igual de longos, ou ás veces máis, que moitos

<sup>12</sup> Os grandes cambios que vemos entre estes dous textos xa se atopan en grande medida, se ben non por completo, na edición de 1962, *Contos en cuarto crecente e outras prosas*, pp. 78-79.

<sup>13</sup> *Contos en cuarto crecente e outras prosas*, pp. 8-9.

<sup>14</sup> Manuel María Fernández Teixeiro, *Os ontes do silencio*, cit., p. 5.

dos publicados como contos ou relatos propiamente ditos. E polo que se refire á súa calidade literaria, non hai máis que ler os recollidos por Miguel A. Mato Fondo e María Pilar García Negro no volume titulado *Andando a Terra*<sup>15</sup>. Persoalmente opino que corresponden a unha parte distinta da escrita de Manuel María, e daquela presentan problemas de edición distintos, o que aconsellaría publicalos á parte.

Hai, en fin, ao menos dúas novelas que, por moi incríbel que poida parecer, seguen inéditas: son as tituladas *O solpor é sempre roxo* e *O trebón brúa de lonxe*, e escritas, segundo Gómez Torres, nos anos 1971 e 1972 respectivamente<sup>16</sup>. Non sei se existen outros textos narrativos propiamente ditos (non artigos de xornal) inéditos, cousa que tiña pensado preguntarlle a Saleta Goi antes de rematar este traballo, pero que non me foi posíbel deica agora, debido a unha viaxe recente a Arxentina e Uruguai.

Quero rematar, en fin, dicindo que o resultado do labor literario e da preocupación de Manuel María pola súa obra narrativa, sobre os que falei hai un instante, debe quedar recollido nunha edición crítica; unha edición que debe ser feita a semellanza das dedicadas ás obras dos grandes clásicos, porque, despois de todo, non é necesario que pasen séculos para que afirmemos que na obra de Manuel María Fernández Teixeiro temos un clásico da Literatura galega.

### 3. NARRATIVA DE MANUEL MARÍA. PRESENTACIÓN CRONOLÓXICA

É tarefa moi difícil a clasificación, ou mellor, a ordenación da narrativa de Manuel María, entre outras razóns debido á dispersión editorial, é dicir, á repetición de edicións de narracións súas, algunhas veces revisadas, sempre con innovacións que van máis aló da pura ortografía e que supoñen un avance claro na forma literaria. Ata onde alcanza a miña pescuda, este é un catálogo exhaustivo da narrativa do noso autor, presentada por orde cronolóxica.

#### **3.1. Narrativa da primeira época, anos 1951-1973. Consta das seguintes publicacións, en obras colectivas, revistas literarias, libros persoais:**

<sup>15</sup> Manuel Hortas Vilanova, *Andando a Terra*, Escolma ao coidado de Miguel A. Mato Fondo e M<sup>a</sup> Pilar García Negro, Vigo, Edicións A Nosa Terra, 1990, colección duns noventa artigos publicados por Manuel María, baixo o pseudónimo de Manuel Hortas Vilanova, no semanario *A Nosa Terra*. O mesmo se pode afirmar de moitos dos artigos recollidos en Manuel María, *Homes, feitos e palabras*, Santiago de Compostela, Editorial Compostela, 1996, con artigos publicados nos xornais *El Correo gallego* e *O Correo Galego*.

<sup>16</sup> C. Gómez Torres, *Bibliografía de Manuel María*, cit., p. 186.



3.1.1. *Manoel María, Contos, en AA. VV., Presencia de Curros y D<sup>a</sup>. Emilia, Vigo, Galaxia, 1951, pp. 55-66. Hai reedición facsímile, Vigo, Galaxia, 1991.*

Contén catro contos, todos de extensión moi breve:

*Conto pra durmir un neno*

*O bico*

*A luzada*

*O Tío Casas*

Non soe dárselle a este pequeno conxunto iniciático de contos a importante transcendencia que sen dúbida ten, sobre todo se temos en conta o ano de publicación, 1951, que por unha banda o converte en peza auroral da narrativa galega da posguerra, e por outra serve de presentación dun novo escritor, que asina os contos cos seus dous nomes de pía, daquela coa ortografía Manoel María, e que ten só 22 anos na data de publicación. Por se non fosen razóns de abondo, nos catro contos están botados os firmes alicerces do que vai ser toda a narrativa futura do escritor: vexamos unhas poucas consideracións que apoian isto que digo:

*Conto para durmir un neno* (pp. 57-58): narrado en forma de diálogo entre o narrador e un neno ao que quere adormentar, presenta un tipo que vai ser moi frecuente na narrativa de Manuel María, o pegureiro, o neno pastor, que xungue na súa existencia o feito de corresponder á capa máis baixa da sociedade, o mundo labrego, en tempos realmente desafortunados (primeira posguerra) e a de ser unha persoa especialmente indefensa, un neno de pouca idade. O pegureiro, ademais, pasa a maior parte do seu tempo en total soidade, e este vai ser un dos temas máis recorrentes na narrativa<sup>17</sup> do noso autor. Pero hai máis: presenta xa o recurso á personificación de entes animados ou inanimados, de concretos e de abstractos, neste primeiro exemplo coa personificación da “mañá”: “-*Pro mañá ten alma...?*”, pregunta o neno, e o narrador respóndelle contundente: “*Craro que sí...! Non vai a tel-a...!* (p. 58).

*O bico* (pp. 59-60), segunda peza da colección, consiste nun relato de amor sen problemas, tamén sen límites, entre un “*elegante e belido mozo*” de vinte anos, que corresponde precisamente á idade que, ano arriba ano abaixo, tiña Manuel María cando o escribiu, e unha moza que lle corresponde con verbas tan fermosas como “*as horas soin lembranzas das pombas que fixeron frolecer o noso amor*”. Sen que poidamos dicir que se trata dun relato intrascendente, pois o amor, por venturoso que sexa, non deixa de ser tema fundamental, e sobre todo na narrativa de Manuel María, sempre a xirar arredor dos grandes sentimentos humanos, o certo é que o tema promove unha expresión lírica na que se poñen en xogo todos os recursos da poesía: deste xeito, xa nas primeiras páxinas narrativas atopamos o estilo poético que por

<sup>17</sup> Ou mellor, en toda a escrita de Manuel María: ata o mesmo Edipo fora “*pegureiro no Monte Citerón*”.

sempre vai ser característica principal da prosa de Manuel María: velaí un exemplo, para aforrar explicacións miñas:

*Lembrábase como a noiva chegara ó seu corazón:  
...Fóra nun fío de olladas e salaios, mentras a anguria era un pran-  
to morno de espadelas. Entón froleceron os lirios nos seus beizos. I-a noi-  
va chegou nun alalá de mences e de roseiras, mentras a campá enfiaba  
aguilladas de murmurios e inquedanzas.  
Viñera e contárallo un segredo de ronseles e de ventos . (p. 59)<sup>18</sup>*

*A luzada* (pp. 61-63) presenta por primeira vez (se é que a orde nesta publicación corresponde á data de composición), un recurso que será moi frecuente nos contos e relatos de Manuel María: a narración en primeira persoa. Pero neste caso ocorre un feito excepcional: o relato é abertamente autobiográfico, amosando un Manuel María que “*andaba a estudar Filosofía e Letras*”, que critica o ensino que recibe nunha Universidade ancorada no pasado, onde se len autores latinos que non lle din nada a un mozo cheo de inquietudes, que prefire a “*calor humano e intelectual*” de Miró, Azorín, Amado Carballo, don Ramón Otero Pedrayo (p. 61)<sup>19</sup>. Os compañeiros carecen de toda inquedanza cultural, espiritual, para non dicir política; das rapazas opina: “*Boeno: as que non padescían histerismo, ían á Universidade en procura de noivo, como decía moi ben un catedrático de cuio nome me non quero lembrar*”. Manuel María está matriculado en Filosofía e Letras, por libre<sup>20</sup>, no curso 1950-1951; once anos máis tarde, eu escoitaba a mesma acusación machista e indecente de labres do mesmo catedrático, cuxo nome tampouco vou lembrar aquí, para aplicarlle unha xusta *damnatio memoriae*. Neste ambiente de desilusión, con vinte anos, o desilusión

<sup>18</sup> Requeixo, p. 512, compara “O bico” co “Idilio na Ínsua” de Fole.

<sup>19</sup> Esta primeira escolma de autores predilectos mantense intacta na segunda edición de *A luzada*, un ano posterior, no libríño *Contos en cuarto crecente* (pp. 21-25). No entanto, hai unha segunda selección de autores que enchen as horas de lectura deste rapaz que decide ser poeta: “*Xa esquecera a Xenofonte, a César, a Cicerón... Agora lía a Francis Jammes, a Manuel Antonio, a Álvaro Cunqueiro...*” (p. 62), parágrafo que un ano despois se transforma deste modo: “*Agora lía a Francis Jammes, a Manuel Antonio, a Álvaro Cunqueiro, a Luz Pozo, a Cuña Novás...*” (*Contos...*, p. 23). Cómpre subliñar a inclusión de Luz Pozo Garza, que non había moito tempo fixera a súa presentación no mundo da poesía cun pequeno (¡pero inmenso!) poemario en castelán, *Ánfora* (1949), e ese mesmo ano da publicación dos *Contos en cuarto crecente* de Manuel María daba a coñecer outro poemario en castelán, *El vagabundo* (Ribadeo, Edición da autora, 1952), e o primeiro en lingua galega, *O paxaro na boca* (Lugo, Xistral, 1952). A relación que existe nos momentos das primeiras producións destas dúas grandes figuras da poesía galega queda fora de dúbida (cf., por exemplo, C. Blanco, “Nais de tinta: Dora e Pura Vázquez, Luz Pozo Garza e Pilar Vázquez Cuesta”, *Unión Libre* 1 (1996) 67-130, esp. p. 83).

<sup>20</sup> Cf. A. Blanco Torrado, “Manuel María”, cit., p. 115, que pon precisamente en relación o desengano universitario de Manuel María e a composición de *A luzada*: “Nestes anos tamén está a escribir relatos e contos cunha forte carga autobiográfica nos que Manuel vai liberándose dos golpes que están a ferir a súa mocidade, así en *A luzada* (1951) que é un raio de luz no medio da súa crise polo abandono dos estudos universitarios”. Un comentario detido sobre este relato como documento directo da experiencia de Manuel María como estudante de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago pode verse en C. Gómez Torres, *Manuel María: os traballos e os días*, cit., pp. 43-44.

nado universitario, que se conmove pola aparición repentina dun golpe de luz, decide que o seu destino é ser poeta.

Este relato, quizais o mellor construído do conxunto, malia ser un dos rexeitados mais tarde polo autor entre os relatos “*vellos e inocentes*” dos comezos, preludia moitos temas e moitos elementos da narrativa futura de Manuel María: de novo o tema do amor, se ben agora non correspondido, pois a noiva á que o narrador trata de explicar a aparición da luzada, “*algo luminoso e máxico con recendo de incenso e piñeiros*” (p. 62), respóstalle de xeito contundente “*tú és parvo*”, e déixao; daquela, achamos xa o tema da incomunicación, e, derivado del, o da soidade.

*O Tío Casas* (pp. 64- 66) pon en boca dun narrador omnisciente a vida completa dun personaxe interesante, o Tío Casas, “*unha vida monótona e sinxela*”, intranscendente, dun home que o narrador coñece ben, que vive na súa vila (evidentemente Outeiro de Rei), cuxa psicoloxía corresponde ao típico galego dos futuros relatos de Manuel María. Malia a brevidade do relato, que non ten máis de tres páxinas, os avatares biográficos do Tío Casas aparecen completos, artellados en tres partes, nas que non se esquecen o seu matrimonio con Soledá, o nacemento e morte dun fillo, a decadencia física e moral do protagonista, convertido “*nunha pantasma que fai chorar ós nenos*” (p. 66). Este será, pois, un modelo que veremos repetido na futura narrativa de Manuel María: o retrato psicolóxico de individualidades interesantes, nunha paisaxe xeográfica ben determinada, o mundo galego da Terra Cha sobre todo, nun momento histórico ben preciso, as dúas primeiras décadas despois da guerra civil; son, a maioría das veces, persoas que parecen reflectir tipos reais, tratados con agarimo, mesmo con amor, de maneira tristeira, conforme ás súas experiencias, vítimas da pobreza, da miseria social, da soidade, da incomunicación.

### 3.1.2. *Manoel María, Contos en cuarto crecente, Prólogo de M. de Rivas, Lugo, Ediciones “Celta”, 1952, 54 pp.*

Contén os catro contos publicados no libro reseñado na entrada anterior, máis outros tres inéditos<sup>21</sup>:

*Vosoutras, miñas amigas*  
*O idilio d’un paxaro*  
*A Rosa*

*Vosoutras, miñas amigas* (pp. 9-13) é o relato dunha historia de amor con final triste con Rei, Raíña, paxes e donas do pazo, trobeiros namorados, etc. En realidade, un conto de reis e de pazos antigos, para nenos. O máis curioso resulta a historia do título: na edición de 1952, non leva título no comezo, pero si no Índice, “*Vosoutras,*

<sup>21</sup> A orde de publicación é: *Vosoutras, miñas amigas* (pp. 9-13), *Conto pra durmir un neno* (pp. 15-18), *A Luzada* (pp. 21-25), *O idilio d’un paxaro* (pp. 27-34), *O bico* (pp. 37-40), *O “Tío Casas”* (pp. 43-47), *A Rosa* (pp. 49-54).

miñas amigas...”, que corresponde ás primeiras palabras do relato. No entanto, eu tiven a sorte de estudar este conto en fotocopia do libro que leva dedicatoria autógrafa de Manuel María a Saleta, datada en “*Lugo, Primavera, 1957*”, e na páxina correspondente ao número 7, que está en branco, porque nela debía ir o título do relato, Manuel María escribiu coa súa letra, sempre tan pulcra e fermosa, “*Conto pra unha nena tenra*”. Daquela, ese debería ser sen dúbida algunha o título a adoptar de cara á edición crítica da narrativa do noso autor.

*O idilio d’un paxaro* (pp. 27-34) é unha historia chea de romanticismo do amor entre un merlo mouro, nado en Galiza, e unha fermosa andoriña, chegada a Compostela procedente do seu Arxel natal, despois de pasar pola Meca, Terra Santa e Roma. Un amor fermoso... ata a chegada do outono, e con el o frío, e con el a fuxida da andoriña, e o suicidio do merlo namorado, que “sin pensalo máis, subiuse o campanario, pechou as azas e deixouse caer...”. Manuel María nunca renegou desta fermosa historia de amor: na segunda edición da obra, en 1962, fai unha revisión coitada, mesmo no título, que pasa a ser *Hestoria dun paxaro*<sup>22</sup>, co que se incorporará, en 1990, no libro antolóxico *Os ontes do silencio*<sup>23</sup>.

*A rosa* (pp. 49-54) aparece á fin da colección, penso que de xeito significativo, e está datada en “*Santa Comba (Lugo), pol-o vrau do 1951*”. Atopamos un personaxe matinando sobre os misterios da vida, e axiña nos decatamos de que se trata do propio Manuel María cando lemos este parágrafo: “*A Terra Chá remesábame o seu vento craro, cheo de chíos de laberca. E Nosa Señora Santa Sabel dende a sua ermida -sempre corazón do meu pobo- cecáis me benzoaba*” (p. 49). Nese seu cavilar solitario preséntase un interlocutor especial, Manoel de Paderna, home dotado dunha sabedoría natural e dunha filosofía absolutamente súa sobre as cousas da vida, que non lle ven de estudos nin aprendizaxes de ningunha clase; de feito, corresponde a un personaxe real, de Outeiro de Rei, criado da casa do noso escritor<sup>24</sup>; reaparecerá moitas veces na narrativa de Manuel María, e será moito máis tarde o protagonista do que el chamou o “*ciclo de Manuel de Paderna*”, composto polos tres libros para rapaces novos *A tribo ten catro ríos* (1991), *Cando o mar foi polo río* (1992) e *Viaxes e vagancias de M. P.* (1994). O diálogo filosófico entre Manuel María e Manuel de Paderna, sobre o sentido da vida considerado dende a observación das cousas sinxelas de cada intre, marca un fito novo e moi interesante na narrativa de Manuel María. Un

<sup>22</sup> Manuel María, *Contos en cuarto crecente e outras prosas* (2ª edición correxida e aumentada), Lugo, Edicións “Celta”, 1962, pp. 33-39.

<sup>23</sup> Manuel María Fernández Teixeiro, *Os ontes do silencio*, A Coruña, Editorial Nova Galicia, 1990, pp. 23-28.

<sup>24</sup> Cf. A. Blanco Torrado, art. cit., p. 109: “A Casa de Hortas que ata cobraba foros, tiña moitas propiedades polo que necesitaba de xornaleiros e criados. Nos primeiros tempos do Manuel o máis coñecido era Manuel de Paderna, canteiro, poeta e contacontos, que o ensinou a versificar e co que despois percorreu a súa tribo, a Terra Chá, as principais vilas de toda Galicia, como quedou documentado e rexistrado nunha triloxía narrativa de nesgo infantil e xuvenil sobre a que volveremos despois (*Viaxes e vagancias de M. P.*, Vigo, 1994 e outros dous libros máis)”.

bo exemplo son as cavilacións sobre a rosa, que, cando desaparece Manuel de Paderna e non resposta aos berros desesperados do noso escritor, provoca estas reflexións:

“E naide respostaba. I-a miña voz partíase nas esquinas do vacío. E na miña boca había un sabor a rosa. Manoel de Paderna porque é poeta deixoume grabado a fogo, con palabras, a inquedanza da rosa. Porque a rosa vive en nosoutros e cando nosoutros comprendemos e queremos falarlle, a rosa xa está murcha... (p. 54).

Este conto, sen dúbida un dos máis interesantes da colección, é outro dos seleccionados e revisados por Manuel María para a reedición do libro en 1962, e máis tarde segue, igual que o anterior, no libro de 1990 *Os antes do silencio*.

3.1.3. *Manuel María, Contos en cuarto crecente e outras prosas (2ª edición corrixida e aumentada), Lugo, Edicións “Celta”, 1962, 109 pp..*

Mantén tres dos contos da primeira edición, en concreto *O idilio d’un paxaro*, que cambia no título por *Hestoria dun paxaro*, *O tío Casas* e *A rosa*, e presenta outros sete orixinais, catro na primeira parte, tres nunha segunda que se anuncia graficamente como *Outras prosas* (p. 83). Os principios que animan esta edición van explicados por miúdo nunhas iniciais “Verbas do autor”, das que salientan estas: “*Si tódolos contos que figuran nistas páxinas van en galego é pra lle dar unidade idiomática ó volume e porque si eu algo son, é, fundamentalmente, un escritor -aínda que cativo-galego i en galego. Si sete contos eran os que se incluían na primeira edición, sete contos se inclúen nista segunda. Da primeira edición suprimín catro contos que sustituín por outros: os contos suprimidos, vellos e inocentes, non valen xa, ó meu xeito de ver, pra reeditar novamente. Ademais dos contos van, no remate do volume, tres narracións que considero do mais axeitado que escribín en prosa*” (pp. 8-9).

*Os reises do neno Xan*  
*Segredario de terceira*  
*O testigo*  
*Fuco..., Fuquiño..., Don Frank*  
*Carta a unha álbore*  
*Sermón pra lle decir a unha boneca*  
*Confesión a unha mesa de café*

*Os reises do neno Xan* (pp. 15-22) anticipa un tema moi querido a Manuel María, que o reelaborará noutras ocasións, sobre todo no relato *O xornaleiro*: refírome á figura do neno pegureiro, o neno solitario que pasa un día e outro e outro ceibando as vacas; un tema que abrangue dúas teimas de Manuel María: a angustia pola soidade e a preocupación, ou mellor, o amor, polos nenos e os rapaciños de clase humilde, os meniños da aldea. Xan, o pegureiriño que quere ter un reloxo “*pra non estar soio*”

(p. 19), preludia a Manuel, o neno xornaleiro, que aforraba de neno para mercar un reloxo, porque “*ún, cun reló, síntese máis acompañado*”<sup>25</sup>.

*Segredario de terceira* (pp. 23-31), historia de don Saturno, secretario dun concello pequeno, cunha existencia que definen a soidade, a incomprensión, e un pesimismo vital, e o sentimento de querer ser un poeta: “Un gran poeta campanudo como Núñez de Arce, como Don Xosé Zorrilla. Un poeta bucólico que amase a amabilidade i a soedade do campo como Don Xosé María Gabriel y Galán” (p. 30).

*O testigo* (pp. 41-51) presenta a monotonía vital dun home ordenado e solitario, Flavio, que de súpeto se rompe polo feito de contemplar un accidente. O pasar monótono do tempo, é dicir, da existencia de Flavio, vese reflectida na cadencia lenta e repetitiva do relato de Manuel María:

*Flavio paseaba demoradamente, sin presa, agarimado pola sombra das alcacias. Por entrelas follas miudas das alcacias ollábase un ceio moi azul. As casas, segundo se ía avanzando pola estrada, eran cada vegada mais pequenas e mais homildes.*

*Serían perto das seis da tarde cando ocorreu o accidente. Serían, pouco máis ou menos, as seis da tarde cando aconteceu a desgracia. Flavio non ollou o reló. Pero sópouse que serían sobor das seis da tarde. Flavio non puido dicir con esatitute a hora porque se esquencera de ollar o reló”* (p. 46).

*Fuco..., Fuquiño..., Don Frank* (pp. 53-67): neste relato presenta Manuel María por primeira vez o problema da emigración na triste historia do nome dun emigrante, Fuco, de mozo Fuquiño, que acaba por chamarse en América Don Frank, e que sempre foi un estranxeiro, primeiro nas terras de América, despois ao regresar á súa terra.

*Carta a un árbore* (pp. 85-92) é unha reflexión filosófica, no mais puro estilo senecano, dun home cunha árbore; o home adiviñase doadamente que é o propio Manuel María. Ambos teñen en común a verticalidade, a soidade, a posibilidade da morte.

*Sermón pra lle dicir a unha boneca* (pp. 93-100), é, como o relato anterior, un diálogo imposible, en realidade un monólogo, dun home cunha boneca. Ese home intenta dicirlle á boneca “*unhas verdades que vaian da miña complicación de home a tua sinxeleza de boneca*” (p. 95), pero é imposible, porque aí está o problema da incomunicación: “*Eu quero comunicarme, quero unha resposta cando pergunto. E ti non me respostarías*” (p. 100). Típico exemplo do relato filosófico, de natureza existencialista, tan frecuente en Manuel María.

<sup>25</sup> *O xornaleiro* (1ª ed., Buenos Aires, 1971), p. 49.

*Confesión a unha mesa de café* (pp. 101-109) consiste nunha reflexión, outra vez filosófica, sobre a propia existencia dun home solitario, que é o propio escritor a sincerarse coa insensíbel mesa dun café. Moi interesante para coñecer as inquedanzas existenciais do Manuel María dos 21 ou 22 anos, un rapaz fundamentalmente preocupado pola soidade:

*Cando ún ten necesidade de se confesar con unha mesa de café é que ún é un home sempre, que ún é un home sinxelo, sedentario e pacífico. Un home de bós e honestos costumes. Un home que só anceia o pan i o viño, o corazón i a ledicia, que sabe saborear un bo café e catar, sin presa, un cigarro habano i unha copiña de licor”* (p. 108).

3.1.4. Manuel María, *As augas van caudales*, na *Rev. Grial* III, fasc. 9, 1965, pp. 311-335.

É a primeira das tres noveliñas curtas que publica Manuel María; no ano seguinte, aparece *Os alugados*, e en 1971 *O xornaleiro*. As tres corresponden a unha mesma época, e o autor, no “Prólogo necesario” que lles puxo con ocasión de reeditar as tres xuntas en 1999, co título *As ribeiras son escuras*, comenta: “As ribeiras son escuras escribíronse polos anos sesenta e poucos. Unha das noveliñas, *As augas van caudais*, publicouna a revista *Grial*, no seu número 9, no ano 1965. Os alugados tamén saíu á luz na mesma revista *Grial*, no ano 1966, no número 14. O libro -as tres noveliñas- enviámosllo á Editorial Galaxia coa pretensión, pola nosa banda, de que o publicase na forma o co título que ten na actualidade. Rexeitárono porque, ó ben visto, se trataba de “literatura social”. Conservamos documentación ó respecto. Entón, con *O xornaleiro -que estaba totalmente inédita-*, e con outros relatos que, na altura, escribimos, presentámonos a un concurso literario, recibindo o primeiro premio de prosa do Centro Gallego de Buenos Aires, no ano 1969, e o volume editárono Ediciones Galicia e o Instituto Argentino de Cultura Gallega no ano 1971, Bos Aires, sendo a circulación do libro impreso, en Galicia, limitadísima”<sup>26</sup>.

O termo que lle aplica Manuel María ás tres, “noveliña”, semella axeitado, pois malia superaren a extensión dun relato, non chegan plenamente á normal do que acostumamos chamar unha novela curta. *As augas van caudales*, que ocupa vinte e cinco páxinas ben cheas na edición príncipe en *Grial*, preséntase dividida en once parágrafos, nos que se relata o asolagamento dunha vila pola construción dun encoro, que coincide en moitos aspectos (mais non en todos), entre eles o cronolóxico, co asolagamento que por aquel tempo deu máis que falar, o do vello Portomarín pola construción do encoro de Belesar, que comezou a funcionar no ano 1963. A noveliña ten dous eixes centrais: un é a denuncia do asoballamento e o asolagamento criminal

<sup>26</sup> Manuel María, *As ribeiras son escuras*, A Coruña, Editorial Everest Galicia, 1999 (2ª ed.), p. 5.



da vila, cunha clara e dura denuncia do feito<sup>27</sup>, e o outro é a traxedia dun labrego<sup>28</sup> que non acata a orde de abandonar a súa casa e as leiras, e remata por darlle morte ao Xefe Administrativo que vai buscalo por ver de convencelo. Na miña opinión trátase dunha das mellores mostras da narrativa do noso homenaxeado.

3.1.5. *Manuel María, Os alugados, na Rev. Grial IV, fasc. 14, 1966, pp. 429-446*<sup>29</sup>.

*Os alugados* é a máis breve das tres novelas curtas de Manuel María. Ten como tema único a seitura na Terra de Lugo, contada por un narrador omnisciente, que coñece perfectamente todos os pormenores desta dura tarefa labrega. Para darlle forma literaria ao relato das cousas da seitura, o narrador pon en escena unha cuadrilla formada por seis persoas, tres homes e tres mulleres, que alugan o seu traballo a diferentes propietarios das terras próximas a Lugo, uns mellores, outros non tanto. Para romper a pesada monotonía que produciría o contar de seguido os diversos aspectos do labor, Manuel María alterna os parágrafos dedicados a eles con outros nos que fai unha rápida presentación dos principais feitos biográficos de cada un dos compoñentes da cuadrilla dos alugados, tratados sempre con ese respecto e ese amor que emprega para falar das xentes do campo. Quizais o que máis sorprende nesta noveliña sexa a forma de expresión, pois danos a impresión de estar a escoitar as palabras dun labrego, ou mesmo as dun dos membros da cuadrilla, que domina totalmente o asunto do que está a falar, e faino coa linguaxe dun labrego calquera. Nisto, penso eu, reside o engado deste relato. Un anaquiño pode servir de testemuña do que estou a dicir:

*O traballo da seitura é durísimo. É, pódese decir, o traballo máis duro de todo o ano. A faena da seitura comenza sobor das sete e media ou oito da mañá. Ós alugados dáselles unha copa de augardente, pra matar o verme, cun anaco de pan i ás veces cun bocadiño de queixo. E sállese prá agra. En cada parroquia hai un bon “corredor”; un segador especializado como si dixeramos, encargado do que lle chaman “correr ós alugados”. O “corredor” é o que vai diante da cuadrilla. Sígueo o maioral i os outros*

<sup>27</sup> Reflicte moi ben a protesta social que orixinara o asulagamento de Portomarín precisamente polos anos 1960 e seguintes, pouco antes de aparecer a noveliña de Manuel María en *Grial*, reducidos ao silencio de malos modos pola represión franquista.

<sup>28</sup> É curioso que non temos o nome do personaxe central do conto, mais no entanto coñecemos os dos seus dous irmáns, que non son parte fundamental da noveliña: o maior chámase Alfredo, e “morrera no desastre de Annual cando a guerra de Africa” (p. 314); o máis novo chámase Fuco (p. 315), e resulta ser aquel emigrante ás Américas cuxa aventura xa limos no relato Fuco..., Fuquiño..., Don Frank, de Contos en cuarto crecente e outras prosas, Lugo, Edicións “Celta”, 1962, pp. 55-57 (cf. máis arriba).

<sup>29</sup> O parágrafo 5 de *Os alugados* (pp. 434-437) foi publicado, baixo o título de *O “corredor”*, na antoloxía *Prosa galega II. Dos novecentistas aos nosos días*, publicada pola Cátedra de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago (Vigo, Galaxia, 1978), pp. 266-268.



*alugados. Denantes de comezar o traballo, afíanse as fouciñas. E de cada dez ou doce regos, cando o “corredor” diga, vólvense a afiar”* (p. 433)<sup>30</sup>.

3.1.6. *Manuel María, O xornaleiro e sete testemuñas mais, Buenos Aires, Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, 1971, 142 pp.*

Malia o que se indica no título, o libro contén *O xornaleiro* e seis relatos curtos; na reedición de *Testemuñas* en 1999, no volume *Os antes do silencio*<sup>31</sup>, Manuel María explica: “*Aínda que no tiduo consta que son sete testemuñas -o volume ábrese cunha noveliña curta, O xornaleiro- a verdade é que só se publicaron seis. A non impresa titulábase Reportaxe. Nunca máis batín con ela e non sei onde metín o orixinal*”<sup>32</sup>.

*O xornaleiro* é a novela curta máis extensa de todas as do noso autor<sup>33</sup>. Relata a nenez e a mocidade de Manueliño, un rapaz de familia pobre, labrega, que vai á escola só até os dez anos, idade na que se coloca a xornal na Casa de Hortas<sup>34</sup>, como pegreeiro. Alí pasarán os seus anos mozos, e verémolo converterse en criado, tratado con agarimo por esa familia de propietarios que son xente bondadosa, mais sen deixar Manuel María de lembrar a diferenza social que existe entre amos e criados, e a práctica imposibilidade de saír Manueliño desa condición inferior súa. Os dezaioito anos do protagonista e o seu namoro, tan fermoso como ditoso, de Eleniña de Martul, coinciden co asasinato de Calvo Sotelo, e o noso autor remata a súa novela, que foi vetada, como xa vimos, porque era “literatura social”, con estas verbas:

*Ós poucos días de comenzar a guerra o Manueliño fora movilizado. Non sabía a donde o levarían. Tampouco sabía por que o levaban. Él era un labrego. Un xornaleiro. O único mundo que coñecía e que lle importaba era o seu povo. A súa política eran as sementeiras e as colleitas.*

*Detrás de Manueliño quedaba o povo coa súa quietude de sempre. Rodeada i envolta na calma do povo quedaba a Eleniña. Unha rapaza sinxela, sin complicitades que, aquí en diante, tería postos os seus pensa-*

<sup>30</sup> Texto da edición príncipe, en *Grial*; dá mágoa que esta edición estea chea de grallas, que nada teñen que ver coas grafías que emprega Manuel María na altura de 1966 en que se publica esta novela.

<sup>31</sup> A “artificialidade” de xuntar nun volume, por razóns doadas de explicar, *O xornaleiro* e mais as “*Testemuñas*” quedará ben reflectida no feito de apareceren separadas anos máis tarde, nas edicións da década dos 90, nas que as “*Testemuñas*” pasarán ao libro *Os antes do silencio* (1990), mentres que *O xornaleiro* aparecerá en *As ribeiras son escuras* (1997).

<sup>32</sup> Manuel María, *Os antes do silencio*, A Coruña, Editorial Nova Galicia, 1999, p. [5].

<sup>33</sup> Na reedición das tres novelas baixo o título común de *As ribeiras son escuras*, *As augas van caudais* ten unha extensión de 41 páxinas, *O xornaleiro* 65 páxinas, *Os alugados* 36 páxinas; é curioso que as tres aparecen divididas nun número semellante de parágrafos, 11 nas dúas primeiras, e 12 na terceira, que é precisamente a máis curta de todas.

<sup>34</sup> Como xa vimos, a Casa de Hortas é a casa do propio Manuel María, que mesmo emprega ás veces o pseudónimo Manuel Hortas Vilanova.

*mentos no que pasaba nas trincheiras. Cando ollase pasar ó carteiro, o seu corazón comenzaría a bater apresurado* (pp. 73-74).

Sen ser a intención destas páxinas facer unha aproximación estilística á narrativa de Manuel María, quero no entanto sinalar o inmenso atractivo de *O xornaleiro*, malia ser un relato lento, con pouco argumento, con moita descrición de abondo demorada de paisaxes e persoas. O engado desta obriña reside no amor con que Manuel María trata a todos e cada un dos personaxes, en primeiro lugar a Manueliño, onde se reflicte toda a paixón do autor polos nenos, pero tamén o pai, a nai, os dous irmáns e a irmá de Manueliño, personaxes sempre reflectidos dende a súa faciana positiva, igual que o señor Manuel e a señora María Antuña, os amos da casa de Hortas, socialmente moi por riba de Manueliño, pero movidos por unha fonda humanidade. *O xornaleiro* é, como tantos milleiros de versos de Manuel María, un canto á xente labrega da Terra Cha, nunha paisaxe humana moi querida, que de súpeto queda desconcertada por unha guerra que vén de fóra e non hai modo de comprendela. Polos anos nos que o noso autor escribía esta novela, confesaba no primeiro poema de *Documentos personaes*:

*Eu son Manuel María,  
labrego con algo de poeta.  
Por eso gardo as i albas  
no fondo dos meus ollos  
e ando de vagar o meu camiño,  
e pídolles as cousas sua tenrura  
i ós homes pídolles verdade*<sup>35</sup>.

*Anacos dun diario* (pp. 77-85) son, conforme ao título, catro curtos anacos dun diario, que vén a ser o diario de Manuel María, cando anda polos corenta anos de idade; hai nel un duro ataque ás miserias, humanas e políticas, dos tempos da ditadura. Por exemplo:

*Aqueles rapaces que foron compañeiros de ún son hoxe homes feitos, con canas e pais de familia. Algús deles teñen incruso postos de mais ou menos responsabilidade. De todos eles a maior parte están enganchedos no sistema e soio lles importa gañar cartos e vivir ben* (p. 78).

*No ano mil novecentos trinta e nove e no ano mil novecentos cuarenta, no noso país, falábase da Alemaña de Hitler como dun paradiso e como da única nación capaz de salvar a Humanidade enteira* (p. 79).

<sup>35</sup> Manuel María, *Documentos personaes* (2ª ed.), Lugo, Ediciones Celta, 1970, p. 7. (Esta obra, que Manuel María calificou, no meu exemplar, de “libro pequeniño, de perguiceiro”, sinala para o autor deste relatorio unha data moi importante, “Salamanca, marzal, 1973”, cando comezou para min, tamén en palabras do Poeta, unha “fonda e sinxela amizade” con este gran home).

*Polos mediodías do vrao, mentres nosos pais dormían a sesta, nós os catro xogábamos a guerra. Íbamos pra palleira da nosa casa, que ten moito vagantío, cunha boa provisión de pedras. Dividiámonos en dous bandos e logo comenzábamos a cantazo limpo. // Meu irmao Pepe e mais Pepe de Xordo eran sempre os “nacionales”, Miguel de Xordo e mais eu, sempre os “roxos”. // Eu non sei como nos amañabamos pero Miguel e mais eu éramos sempre os que perdíamos (p. 82).*

*Carta a un amigo que vive no estranxeiro* (pp. 87-93) ten por motivo preguntarlle a un amigo, que está en Francia, se sabe noticias de Lois, un rapaz desaparecido, despois de ter pasado un terríbel interrogatorio, motivado pola aparición de panfletos na vila, nun ambiente de terror que recorda os peores tempos de ditadura franquista. Publicar este relato na España de 1971 sería bastante difícil e, de todos os xeitos, moi perigoso.

*A rebusqueira* (pp. 97-105), curto relato en dous tempos, presenta a figura solitaria e triste de Andreíña, que vive da rebusca, na primeira parte das espigas que se perden na seitura, na segunda das poucas e ruíns patacas que restan no chan despois da colleita. Nos dous tempos, a garda civil importuna a Andreíña, alumándoa de ladroa en lingua castelá, e quitándolle a única posibilidade que ten de vida, a rebusca. A primeira parte lembra nidiamente o relato *Os alugados*.

*O “liberado”* (pp. 109-114) narra a historia do secretario dun concello pequeno, home de honestidade exemplar, defensor dos labregos, que se lanza á actividade política en tempos da República, e loxicamente sofre as consecuencias funestas da ditadura, que o procesa por “roxo” e o “libera”, como sinala o título, meténdoo no cárcere.

*Xan López, obreiro* (pp. 119-123): nunha paisaxe debuxada con tintas moi negras, Manuel María resúmenos o que é a vida dun obreiro, en realidade o pobre criado dun labrego que chegou a rico por estraños procedementos, entre eles como encargado do racionamento que segue á guerra civil. Xan López, máis que un obreiro, vén a ser un escravo. E o autor fainos pasar con el unhas páxinas de frío insoprotábel, mentres está a cavar, nun día terríbel de inverno, os regos para que corra a auga nun lameiro do amo. Estamos ante unha das mais duras e carraxentas denuncias na narrativa de Manuel María, unha das mais sentidas, e tamén unha das mais irónicas. Rematado o traballo dos regos en condicións infrahumanas, Xan López volve para a vila, e non nos queda moi claro que vai ser del:

*Xan López, de profesión probe, aunque no padrón municipal figura como obreiro do campo, eventual, sentiu de súpeto como se axigantaba a voz do río. Colleu medo i apertou o paso (p. 133).*

*O home que se fixo a si mesmo* (pp. 137-142) presenta, cunha ironía tremenda, a figura oposta a Xan López, o médico don Fiz, fillo dun Fiz sen don, labrego e mariñeiro, pero que grazas ao seu esforzo “*se fixo a si mesmo*”. Velaí, resumido, o modo

de conseguilo: despois dun bacharelato rematado “tirando pra diante como podía”, estalou a guerra:

*I unha vez feito oficial don Fiz quedouse no exército e comenzou a estudar Meiciña. Íbase examinar co uniforme posto. E deseguida rematou a carreira. I así que rematou a carreira pasou a reserva. Eso quere decir que se foi pra sua casa cobrando unha boa paga do exército que ainda, gracias a Deus, sigue disfrutando. I esta é a primeira nómina que cobra don Fiz. Como era médico metérono no Seguro de Enfermedade. I esta é a segunda nómina que cobra don Fiz. Como pasou a reserva do exército tiña dereito a un destiño civil. I entón nomeárono Médico de A. P. D. I esta é a terceira nómina que cobra don Fiz. E como quedou unha praza vacante no Instituto de Hixiene, derónlla a don Fiz. I esta é a cuarta nómina que cobra don Fiz. E como o nomearon alcalde i o alcalde ten dereito a gastos de representación, esta é a quinta nómina que cobra don Fiz. É como é alcalde don Fiz foi nomeado Diputado Provincial. É como é tódalas cousas que dixemos din que don Fiz vai a ser nomeado Procurador en Cortes. E como don Fiz é médico do Seguro Obligatorio de Enfermedade, médico de A. P. D., médico do Instituto de Hixiene, alcalde, Diputado Provincial e vai a ser, polo visto Procurador en Cortes, don Fiz exerce libremente a sua carreira de médico. I os seus clientes poden adimirar entón o seu despacho estilo Renacimiento español con tallas inspiradas en pasaxes do Quixote (pp. 141-142).*

### 3.1.7. Manuel María, Kricói, Fanói e D. Lobonís, Vigo, Edicións Castrelos, 1973, 49 pp.

Contén sete relatos curtos, publicados na popular Colección “O Moucho” da desaparecida Edicións Castrelos de Vigo. Comparados coas narracións escritas arredor de vinte anos antes, nótase neles un dominio novo e distinto da técnica narrativa, tanto na construción do discurso como no léxico e na sintaxe; por outra parte, acéntúase moito o elemento crítico, a denuncia social e política, que semella moito á das seis *Testemuñas* do libro publicado en Bos Aires en 1971, pero agora empregando recursos literarios máis sutís, o que non debe interpretarse como menos duros e acedos, como son a presentación de animais como protagonistas dalgúns dos relatos, animais que, seguindo o modelo dos da fábula tradicional, falan e pensan como humanos; cómpre subliñar que, malia esa conformación literaria, os relatos deste libro non poden interpretarse como literatura para nenos ou rapaces:

*O Kricói está no Cereixal* (pp. 7-11): con tintas moi escuras, Manuel María relata a morte dun pobo, tema que xa tratara nunha das novelas curtas, *As augas van caudales*. Despois da marcha de tódolos veciños, só resta a simpática figura do grilo Kricói, que vivía comodamente na casa de Tuxo. Ao verse só, Kricói deixa de cantar, comeza a chorar, e “*rematou morrendo afogado polas súas propias bágoas*” (p. 10).

*O Forquitas* (pp.12-15) narra a historia trágica dun pobre home que, aínda novo, consegue diñeiro por un procedemento inmoral, un roubo de abondo innobre,

e resulta asasinado dun tiro no corazón que lle dispara o narrador da súa tan pouco exemplar maneira de facerse rico.

*A loita do Fanói* (pp. 16-21) presenta un galo, así chamado porque cando cantaba non dicía kikirikí ou kokorokó, senón “Fafarafá”; despois de terse convertido por méritos propios no rei do seu galiñeiro, observa con arrepió a construción, non lonxe da casa dos amos, dunha granxa para pitos, que en van trata de incitar á rebelión; os pitos responden, todos a unha, que están ben como están, que non queren ser ceibes, e Fanói, revolucionario fracasado, volve ao galiñeiro triste e acabado.

*O Xesús* (pp. 11-28), rapaz pobre, nova figura de pegureiro a idade de trece anos<sup>36</sup>, criado despois en varias casas, é un novo exemplo de mozo de familia pobre que ten que afrontar as penas da emigración, a semellanza do protagonista do relato *Fuco...*, *Fuquiño...*, *Don Frank*, se ben Xesús emigra a Alemaña. O relato remata de modo tráxico: retornado á súa terra, Xesús afórcase.

*A abella chamábase Avesás* (pp. 29-36): de xeito en parte parecido ao do galo Fanói, nesta nova narración con personaxes de fábula atopamos a Avesás, unha abella con nome parlante, que reflicte o seu espírito rebelde. Abella obreira, quere oporse á inxustiza a que someten as abellas os donos do trobo, roubándolles todo; reunidas as compañeiras en consello, condenan a rebeldía de Avesás, que fuxe delas máis aló da fronteira.

*Informe político-cívico-municipal encol do Concello e dos Ilustres Rexidores da vila de Caravel da Raíña* (pp. 37-43). Este relato amosa unha construción verdadeiramente curiosa, consistente na presentación dun debate moi peculiar dos membros do concello de Caravel da Raíña, nome que evidentemente agocha o de Outeiro de Rei, no que dende 1893 ao ano en que transcorre a historia goberna case decote un alcalde da familia Uriz. Manexando os concelleiros ao seu antollo, o alcalde decide por medio dun bando, con cuxo texto remata o relato, que se lle erga un monumento á familia Uriz no medio da vila.

*Suceso da ovella Merela e don Lobonís* (pp. 44-49) presenta outra vez os elementos dunha fábula, con dous personaxes típicos, un lobo e unha ovella, en concreto a ovella Merela e o lobo don Lobonís; a novidade é que, ao revés do que acontece na

<sup>36</sup> Desta etapa da vida de Xesús narra Manuel María un acontecemento moi semellante ao que, anos antes, inclúe na infancia doutro neno criado, o Agustín de *Os alugados*. Resulta curioso comparar os dous textos: *Cando o Agustín tiña trece anos puxérono a servir en Bonxe, na casa dun cacharreiro. Cando levaba tres meses ou así na casa do cacharreiro, a ama deixouno cuidando un neno, mentras iba polas berzas pró caldo. O neno estaba enredando no corredor. Cando o Agustín se decatou, o raio do rapaz, sin saber como nin como non, caéu pró curral. O Agustín non agardou máis: botouse a correr cara a casa dos seus pais. Contoulle ós pais o sucedido. O pai quixo levalo con el outra vez pra Bonxe pero non foi posibel. O pai foi á casa dos amos do Agustín. Ó neno non lle pasara nada. O corredor do que caíra era baixo i o curral tiña un bon molido pois estaba estrado de novo* (*Os alugados*, en Grial, 14, 1996, p. 430). *A Cabuxa levóu prá casa dela ó Xesús pra que tivera mau do neno. Un día que o Xesús estaba ó coidado do neno, no corredor, nun descoido, o neno caéu do corredor pró curral. O Xesús non lle valéu ó neno. Papóu un susto do demo e fuxú correndo prá casa de seus pais. Non quixo volver a poñer os pés onda a Cabuxa. Ó neno non lle pasara nada. Máis valera así* (*O Xesús*, en *Kracói...*, p. 24).

fábula tradicional, don Lobonís resulta ser un lobo bondadoso, que “*somentes atacaba as ovellas dos ricos*” (p. 47), mentres que a ovella Merela, “*a dóce, delicada, casta, mansa, inocente*” (p. 49), é quen ataca ao lobo, escachízao e devórao.

### 3.2. Un relato completamente excepcional.

Completamente excepcional, tanto pola forma e polo contido, como pola data en que foi publicado, é o seguinte relato: Manuel María, *Cupreso e lirio*, en AA. VV., *Cadernos de viaxe*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1989, pp. 135-171.

Conforme á idea do libro colectivo no que aparece, consiste nun relato de viaxes, en concreto á cidade de Florencia, pola que Manuel María amosa unha adoración sen límite. Aí atópase o primeiro aspecto excepcional, o xénero literario, pois a diferenza da maioría das obras en prosa de que falamos neste traballo, non se lle pode chamar nin relato, nin conto, nin novela curta: é unha guía de viaxe, unha “Guía de Florencia”..., pero que tampouco corresponde exactamente ao que acostuma ser unha guía, pois hai que ter en conta que está escrita cunha amplitude de contidos e cunha coidada forma literaria que fan de *Cupreso e lirio* moito máis ca unha guía.

O segundo aspecto excepcional reside na paisaxe, agora Florencia, contemplada dende os ollos curiosos e admirados de Manuel María, e dende os ollos dunha mancha de escritores, galegos e non galegos, de modo especial os italianos vinculados á vida e á cultura da propia Florencia. Nada que ver, pois, con Outeiro de Rei, coa Terra Cha, coas terras do Miño en que transcorre a meirande parte da narrativa de Manuel María.

O terceiro aspecto excepcional é a data, 1989, que queda á marxe do que chamei “narrativa da primeira época”, que dá paso a un baleiro case total nos anos que seguen a 1973. Quizais o feito de escribir este “relato de viaxe”, ou se cadra mellor, “guía turística” (dende logo excepcional) para un libro que sae en 1989, sexa en certo modo un anuncio dunha nova apertura ás obras en prosa, que se fará realidade nas múltiples pezas do que chamamos a “narrativa dos últimos anos”, que, de todas maneiras, nada teñen que ver con esta obra, tan curiosa e tan distinta das demais.

En resumo, *Cupreso e lirio*, un canto a Florencia, que, con melancolía, “*ábrese no noso corazón orfó como as camelias se abren na desolación dos días invernaís*”, brilla con luz propia, de matices absolutamente distintos, á marxe da narrativa habitual de Manuel María.

### 3.3. REEDICIÓNS CONXUNTAS DA NARRATIVA DA PRIMEIRA ÉPOCA.

Despois da publicación en 1973 de *Kricói, Fanói e D. Lobonís*, a narrativa de Manuel María desaparece como tal practicamente por completo, sen ningunha

publicación en forma de libro<sup>37</sup>. Atopáremola de novo na década dos anos 90, na que o noso escritor comeza por propiciar a reedición dos relatos e noveliñas publicados antes, despois de sometelos a unha selección e revisión, moi coidada sempre nos aspectos lingüísticos, ás veces tamén nos contidos. Estas reedicións atópanse nos seguintes dous volumes, que representan, por así dicilo, a “derradeira vontade” do noso autor con respecto aos textos da súa narrativa da primeira época:

3.3.1. *Manuel María Fernández Teixeiro, Os ontes do silencio, A Coruña, Editorial Nova Galicia, 1990, 178 pp.*

Este volume antolóxico comeza cunha útil “Nota do autor” que explica a procedencia dos relatos que contén, e dá tamén unha explicación, na miña opinión innecesaria, do feito de publicalos de novo, tantos anos despois.

Con respecto ao contido, o autor explica que no libro “*recóllense contos, relatos e prosas escritos dende o ano 1949 deica o 1972 ou o 1973*” (p. 5), que corresponden a *Contos en cuarto crecente, O xornaleiro e sete testemuñas máis e Kricói, Fanói e D. Lobonís*. No entanto, cómpre salientar ben a selección que fai Manuel María, consistente na exclusión de relatos dos primeiros momentos: en efecto, dos publicados en *Presencia de Curros y D<sup>a</sup>. Emilia*, escolle só *O Tío Casas*, e deixa fóra os tres restantes, é dicir *Conto pra durmir un neno, O bico, A luzada*; e dos tres relatos engadidos a estes para formar a primeira edición do libro *Contos en cuarto crecente* (1952), conserva *A rosa* co mesmo título, e tamén *O idilio d’un paxaro*, convertido en *Historia dun paxaro*; en cambio, elimina *Vosoutras, miñas amigas*: temos, pois, confirmada a selección que fixera na reedición de *Contos en cuarto crecente e outras prosas*, en 1962. Daquela, Manuel María debeu de considerar que non pagaba a pena recuperar aqueles catro relatos, xa antes abandonados, dos sete relatos que contiña o seu primeiro libro de narrativa, na primeira edición; de feito, confesa agora: “*Foi o primeiro libro en prosa galega dado a luz por un escritor novo despois da guerra civil. Eran unhos relatos moi inxénuos e inespertos*” (p. 5). Son as únicas “renuncias”, se podemos chamarlle deste xeito, a relatos da primeira época que achamos.

De *O xornaleiro e sete testemuñas máis* reedítanse as seis *Testemuñas*, indicando, como xa lembrei, que a terceira tiña por título *Reportaxe*, pero nunca foi editada e Manuel María confesaba que non sabía onde metera o orixinal (p. 5). Naturalmente, o feito de non editar neste volume a noveliña *O xornaleiro* non ten nada que ver coa exclusión dos catro relatos de *Contos en cuarto crecente*, de que acabo de falar: Manuel María tiña pensado, como de feito fixo, segundo imos ver axiña, na súa edición coas outras dúas novelas curtas que escribira polos mesmos anos que *O xornaleiro*, e que formaban con esta un conxunto compacto.

<sup>37</sup> Naturalmente, corresponden a esta época as dúas novelas *O solpor é sempre roxo* (1971) e *O trebón bría de lonxe* (1972), que, como dixen, seguen inéditas até hoxe.



Manuel María, como xa dixeran, parece sentirse na obriga de dar razóns para esta nova edición dos seus relatos escritos entre corenta e vinte anos atrás; dixeran, tamén, que me parecen explicacións innecesarias; porén, o noso autor pensaba que debía dalas, e daquela deben ser tomadas en consideración:

*Todas estas publicacións levaban anos esgotadas. Se agora as dou de novo ó prelo é porque coído que teñen certo valor de testemuñas dunha época na que escribir en galego era un aito case heroico.*

*Sei que estas prosas son moi desiguais entre sí. Con todo entendo que nelas hai unha certa paixón, un xeito galego de enfrentarse coa existencia, anacos de vida e paisaxes que desapareceron pra non voltar máis e cecáis tamén o reflexo dun tempo triste e miserento, antecedente e pai deste tempo no que andamos a vivir marcado pola crise, o personalismo, o desconcerto, a vulgaridade, a masificación e a sociedade de consumo, tan alleada e domesticada (p. 6).*

3.3.2. *Manuel María, As ribeiras son escuras, A Coruña, Editorial Everest Galicia, 1997, 159 pp. (2ª ed., sen cambios, A Coruña, 1999).*

Contén, con actualización fundamentalmente lingüística, as tres novelas curtas de Manuel María, é dicir, *As augas van caudais* (Grial, 1965), *Os alugados* (Grial, 1966), e *O xornaleiro*<sup>38</sup>.

O volume leva un “Prólogo necesario”, escrito por Manuel María, verdadeiramente clarificador. Nel comeza indicando a data da composición das tres noveliñas (“*polos anos sesenta e poucos*”) e a súa intención de publicalas xuntas, baixo o título que amosan agora, na Editorial Galaxia, que as rexeitou por razóns políticas, segundo xa vimos máis arriba. Despois ofrece a súa visión persoal da obra, rematando con estas interesantes consideracións:

*Estas tres noveliñas ou narracións curtas son o testemuño dun mundo e dun feito cultural -que era o noso- desaparecidos. Moita xente aínda pode dar fe da súa realidade. Era un xeito de vida duro, triste e inxusto. Tan duro, triste e inxusto como ter que vivi-los derradeiros anos da vida nun asilo -que disfrazan hipocritamente co nome de Residencias da Terceira Idade-, mendigar nunha cidade máis ou menos opulenta ou morrer nun leito desa institución tan macabra chamada Seguridade Social do Estado.*

*Estes relatos escribíronse á marxe de modas e de modos de narrar que, por aquel entón, privaban na nosa literatura. Neles o autor procurou reflexar, na medida das súas posibilidades e poucos saberes, os días e os traballos dos nosos labregos -a clase absolutamente maioritaria do noso*

<sup>38</sup> Porén, a orde de publicación adoptada neste volume é: *As augas van caudais* (pp. 9-52), *O xornaleiro* (pp. 53-120), *Os alugados* (pp. 121-159).



*país, a que mellor coñecía o autor-, procurando fuxir do costumismo, do realismo e do folclorismo, totalmente consciente de que ese mundo estaba moi ferido de morte e esborrallándose sen remedio... (p. 7).*

Sen dúbida é importante a significación que ten o feito de acharmos por fin xuntas nun mesmo e único volume tres obras narrativas que amosan unha manifesta unidade tanto nos contidos como na estrutura<sup>39</sup>.

### 3.4. Narrativa dos últimos anos da vida de Manuel María.

Como punto de partida para unha segunda etapa da narrativa propiamente literaria de Manuel María podemos adoptar o ano 1990, cando se reeditan, como xa vimos, boa parte dos relatos máis curtos da primeira época baixo o título de *Os antes do silencio*. O escritor, que emprega agora unha ortografía conforme á normativa do ILGA e da Academia Galega, e tamén un léxico e unha sintaxe moito máis depurados, amosa tamén a novidade do cultivo ocasional de relatos dedicados a nenos e rapaces novos, polos que sempre sentiu un fondo afecto Manuel María. Por outra banda, nótase unha preocupación por ensaiar formas narrativas novas, orixinais, fóra do habitual: bo exemplo desta tendencia veñen a ser a *Novena en honor da Gloriosísima Santa Isabel* e o ensaio en ton paródico *As persoas e as cousas son "asegún": Ensaio histórico*.

#### 3.4.1. Relatos para rapaces. Relatos para nenos.

3.4.1.1. Manuel María, *Unha sombra vai polo camiño. Como desapareceu a Atlántida e apareceron os lagartos*. Ilustracións de Norberto Fernández. Edición cunha fita que contén os dous contos na voz de Manuel María, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1991.

Abre, dentro da narrativa desta segunda etapa, por así chamarlle, a serie dunhas poucas publicacións para nenos e rapaces novos, neste caso exclusivamente para os primeiros. O director da colección onde apareceron estes dous contos, Xabier P. Docampo, sinala a propósito deles: “Son dúas fermosísimas historias, cheas de misterio e de delicadeza. Seguramente sexan os dous contos máis intencionadamente infantís do autor. Nótase neles un desexo de narrar procurando ser atendido e escoitado, porque se está a celebrar unha tenra cerimonia da expresión e da comunicación”<sup>40</sup>.

Na narrativa salienta moito a publicación dunha colección de tres libros para rapaces novos, recomendados para unha idade “A partir dos 12 anos”, na colección “O barco de vapor” de Edicións SM. Os tres forman un conxunto de historias, cada

<sup>39</sup> Cf. sobre isto as interesantes notas de Luisa Villalta, “Que é a realidade?”, cit.

<sup>40</sup> X. P. Docampo, “A literatura infantil e xuvenil”, cit., p. 485.

unha completa por si mesma, pero relacionada coas restantes por ter como protagonista e animador un personaxe moi peculiar, Manuel de Paderna, alguacil do concello, barbeiro, poeta e personaxe sen par dun pobo que é real e que é imaxinario ao mesmo tempo, chamado Outeiro de Rei, o berce de Manuel María, sempre amado, sempre loado, e tantas veces lembrado ou reflectido na poesía e na narrativa do noso escritor. Estes son os tres libros en cuestión:

3.4.1.2. Manuel María, *A tribo ten catro ríos*, Vigo, Ediciones SM, 1991, 93 pp.

3.4.1.3. Manuel María, *Cando o mar foi polo río*, Vigo, Ediciones SM, 1992, 121 pp.

3.4.1.4. Manuel María, *Viaxes e vagancias de M. P.*, Vigo, Ediciones SM, 1994, 123 pp.

Nestas tres obras, que gardan unha secuencia interna en certo modo diacrónica, unha serie de personaxes que xiran arredor do sorprendente Manuel de Paderna, e que de seguro responden moitas veces a persoas da vida real do pobo de Manuel María, dan vida a un ideal e orixinal Outeiro de Rei, no que ocorren cousas reais e cousas absolutamente fantásticas, máxicas, convertendo a pequena poboación da Terra Cha nunha especie de adorábel país de Jauja, no que pode ocorrer canto poida figurarse unha mente chea de imaxinación.

Os tres libros son tamén semellantes no seu artellamento formal: todos eles teñen esa división en capítulos, con títulos que resumen o contido de cada un e os converten en certo modo en unidades completas en si mesmas, como xa dixen. Despois do título de cada capítulo, hai un poema, máis ou menos longo, sempre en relación co argumento que imos ler. Se ben xa advertín que non é o meu propósito facer avaliacións de orde literaria neste traballo, quizais non estea fóra de lugar sinalar que nestes libros a narrativa de Manuel María acada uns niveis de perfección de abondo por riba dos da narrativa de época anterior.

Velaí, en fin, de que maneira resume Manuel María os contidos e a significación destes tres libros o comezo do último deles:

*A tribo ten catro ríos é un intento de crearlle a Outeiro de Rei da Terra Cha -unha viliña rural, contaminada polo “urbanismo” e a “urbanidade” dunha cidade pequena como Lugo-, o intento de crearlle, dicimos, unha mitoloxía do cotián ou co cotián: un regato, un quiosco da música, un campo de romaría e mesmo o seu bandido inocente e inofensivo...*

*Cando o mar foi polo río contén unhas historias da Terra Cha mesturadas con lendas populares. O autor quixo -aínda sabendo do atrevido e do ambicioso do proxecto- escribi-la verdadeira Historia da súa bisbarra de orixe. Entendemos que a Historia é verdade. A verdade pode presentarse de moitos xeitos e, afortunadamente, non hai un só rostro da verdade. O mundo e a vida son moi ricos, variados e complexos. E a verdade poética -a utilizada por nós na medida das nosas forzas e posibilidades, con enormes limitacións- é a máis fermosa e alta das verdades.*

*Neste volume, Viaxes e vagancias de MP, Manuel de Paderna bótouse a camiñar polo país galego adiante. Andou polas sete vellas cidades do reino de Galicia, do que a penas queda o nome e unha esvaída lembranza melancólica, viva unicamente nuns cantos nostáxicos coma nós. Sete cidades como o Setestrello, as sete nacións celtas fillas do pai Breogán, os sete días da semana, as sete dores da Virxe Nosa Señora, os sete contra Tebas, a estrela de sete puntas, os sete brazos do candeeiro do Templo do Rei Salomón, os Sete Muiños de Guitiriz... En fin... Sete cidades de nós porque a Orde do Mundo está composta por sete elementos: as sete direccións do espacio -dúas por cada dimensión- e o centro. Nós puxémo-la oitava cidade: Pontevedra. E puxémola porque é de xustiza e, ademais, porque cuidamos que os números impares traen mala sorte...<sup>41</sup>*

3.4.1.5. Manuel María, *No campo houbo unha ermida*, en AA. VV., *Novos contos para nenos*, Lugo, Citanía de Publicacións, 1994, pp. 7-16.

Este conto vai ter unha historia moi curiosa, que serve de exemplo estupendo das diversas e constantes elaboracións a que sometía Manuel María a totalidade da súa obra, como se non a considerase rematada nunca, e pensase que sempre era posíbel mellorar o escrito. A primeira versión deste conto leva por título *No campo houbo unha ermida*, con esa forma verbal *houbo* que cambiará en *hai* na edición do ano 2003. Aparece por primeira vez encabezando unha colección de contos para nenos, na que seguirán contos de Helena Villar Janeiro, Agustín Fernández Paz, Xavier P. Docampo, Sabela Álvarez Núñez, David Otero, Darío Xohán Cabana, con Paco Martín como coordinador do volume. Consiste nun relato pomenorizado dos avatares históricos da ermida de Santa Isabel de Outeiro de Rei, que atopamos repetidas veces en moitos relatos de Manuel María, sempre queixándose de que a capela esmorece e está a punto de desaparecer, dende que quedou sen culto. De feito, descoitada a ermida, privada de culto e de atención, está a piques da destrución total, cando unha crecida do Miño suflagou o Campo e o outeiro onde estaba a ermida, e esta desapareceu por completo, sen deixar rastro... Aínda que a verdade, ignorada polos veciños, foi que “*Cando as augas chegaron ós seus cimentos, inesplicablemente, dun xeito asombroso, no oco do lousado caído, xurdiron unhas enormes velas brancas. A ermida de Santa Isabel como unha grande nao, coas velas ó vento, comenzou a navegar velozmente Miño abaixo, pilotada polo único poeta que había na vila*” (p.16). Así remata o conto en 1994, porque na segunda edición, en *Historias do empardecer*, unha nova chea do Miño motiva a chegada do máxico navío que porta a ermida de Santa Isabel, “competentemente restaurada”, que vai dar outra vez ao lugar onde estivera dende sempre.

<sup>41</sup> Manuel María, *Viaxes e vagancias de M. P.*, Vigo, Ediciones SM, 1994, pp.6-7.

3.4.1.6. Manuel María, *O bigote de Mimi*, Ilustrado por Suso Cubeiro, A Co-ruña, Editorial Everest Galicia, 2003, 53 pp. (2ª ed., sen cambios, 2005)<sup>42</sup>.

Probabelmente quede moi fóra de lugar de abondo este libríño cun relato para nenos que comezan a ler (na capa posterior indícase “a partir de 6 anos”). Conta a historia do gato Mimi, que perde as súas calidades de gato murador ou cazador cando o seu amiño Fiz lle afeita o bigote, caendo nunha prostración que acha solución grazas á intervención das artes máxicas do barbeiro, que resulta ser, ¿quen se non?, o mesmo Manuel de Paderna dos tres libros anteriores.

### 3.4.2. *Relatos varios:*

3.4.2.1. Anónimo, *Novena en honor da Gloriosísima Santa Isabel na visita-ción que lle fixo a sua curmá a Virxe María e que se celebra na vila de Outeiro de Rei da Terra Cha*. Escrita por un devoto nativo de Outeiro de Rei, (Guitiriz), Asociación Cultural Xermolos, 1995, 57 pp.

Trátase dunha das pezas máis sorprendentes e mellor traballadas dentro do conxunto da narrativa de Manuel María. Sorprende en primeiro lugar a concepción literaria, que se axusta á forma das novenas do culto cristián: o conxunto vai encabezado por unha “Brevisima relación do culto á gloriosísima Santa Isabel, na vila de Outeiro de Rei da Terra Cha”, na que, entre outras cousas, atopamos a crítica moitas veces repetida na narrativa de Manuel María polo abandono en que se acha a ermida de Santa Isabel dende que quedou sen culto; a continuación o texto repártese conforme aos nove días da novena, cada un deles artellado en catro partes: Acto de contrición, Meditación, Oración e Propósito. A unidade de cada un dos nove días da novena vén determinada polo Acto de contrición, no que, en parodia fonda, pero sempre respectuosa, dunha auténtica novena, Manuel María resume unha especie de *idearium* do galeguismo: 1, temos dereito a vivir na nosa terra e a sermos diferentes; 2, o galego é a nosa lingua natural e verdadeira; 3, desexamos permanecer instalados sempre na nosa cultura; 4, debemos compasar a pouca vida que nos deron á música da natureza; 5, debemos reducir o mundo e as cousas á nosa medida, para tratalas de igual a igual; 6, debemos ser sinxelos sen perder a pureza e a inocencia; 7, dicir que un é de todo o mundo, ignorando e desprezando o propio, é unha falsidade; 8, non deixarse domesticar polos que mandan; 9, facer da nosa tribo un exemplo de concordia, amor, paz, alegría e prosperidade<sup>43</sup>.

<sup>42</sup> En realidade trátase dun conto publicado en 1992, segundo C. Gómez Torres, *Bibliografía de Manuel María*, cit., p.181, que dá esta descripción bibliográfica: *Historia do bigote dun gato que se chamaba Mimi*, en *VII Campaña de Fomento da Lectura. Os contos da Campaña* (Vol. I), Dirección Xeral de Cultura. Xunta de Galicia, Santiago, 1992.

<sup>43</sup> Os nove “principios” que aquí presentamos corresponden na maior parte a frases concretas de Manuel María, recollidas de cada “Acto de contrición” dos nove días da *Novena*.

Despois do Acto de contrición, vén a Meditación, que consiste en todos os casos no relato dun milagre de Santa Isabel, relatado cunha certa ironía, mais ao mesmo tempo cun respecto e mesmo cun fondo fervor pola figura da santa, que corresponde á veneración que amosa Manuel María na insistencia en reprobar, en moitos lugares da súa narrativa e non só nesta obra, o feito de terse abandonado o culto a Santa Isabel na ermida de Outeiro de Rei, que se acha en estado de absoluto abandono. Respecto a isto, é curioso e contundente o Propósito con que remata o día noveno do culto:

**PROPÓSITO** .- *Reconstruiremos a ermida de Nosa Señora Santa Isabel. Unha vez reconstruída prometemos espallar, o mais posible, a súa romería*<sup>44</sup>.

A *Novena a Santa Isabel*, escrita no mellor galego da narrativa do noso autor, encerra ideas e pasaxes de grande fermosura, e resulta ser unha das obras máis persoais de Manuel María, un catecismo persoal e ao mesmo tempo político<sup>45</sup>, con anacos tan fascinantes como aquel no que lembra unha vez que, na procesión da romaría de Santa Isabel, tropezou un dos ramistas que levaban “*as imaxes de Santa Isabel e a súa curmá a Virxe María*”, que non padeceran ningún dano, porque “*a corredoira inesplicablemente, apareceu cun molido de badós, espadanas, funchos e fieitos*” que, ao ser tocados polas imaxes, floreceron. Dese milagre veu o costume de cubrir con estas plantas o chan para a procesión de Santa Isabel, un costume despois esquecido, pero que, se cadra,

*Un día florecerán de novo sobor do alcatrán da estrada como antano florecían sobor das pedras da vella corredoira. O recendo destas flores maravillosas perfumará as máis fermosas palabras do noso idioma: **Galiza, Saleta, vida, nai, rula, ronsel, abidueira, amor...***<sup>46</sup>.

3.4.2.2. Manuel María, *O milagre de Santiago Apóstol que non figura no Códex Calixtino*, en AA. VV., *Contos no camiño*, Lugo, Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1996, pp. 93-101.

Milagre fantástico, con permiso da redundancia, e que non podía estar no Códex Calixtino porque ocorre nos anos do que chama Manuel María a “guerra civil”: un dos soldados marroquinos do exército de Franco contempla con enorme carraxe unha imaxe de Santiago Matamouros na igrexa da Nova de Lugo. Informado do asunto do Apóstolo Matamouros, decide ir a Santiago, cargado de bombas, para poñer fin a semellante aldraxe. O seu xefe manda soldados para detelo, e un deles

<sup>44</sup> *Novena en honor da Gloriosísima Santa Isabel...*, p. 49.

<sup>45</sup> Dende a perspectiva relixiosa, cf. Victorino Pérez Prieto, “Poeta relixioso cristián”, en A. C. Xermolos, *Manuel María*, cit., pp. 389-340, esp. p. 407.

<sup>46</sup> *Novena en honor da Gloriosísima Santa Isabel...*, p. 18.

fíreo no peito. Cando Mulei Mohamede, que así se chamaba, está tirado no chan, unha figura milagrosa recolle o sangue que lle sae do peito nunha cuncha de vieira, o sangue convértese en auga, e con ela bautiza o marroquí ferido, que non só queda curado, senón que se converte.

Este curtísimo texto suxíreme os mesmos comentarios que a *Novena de Santa Isabel*: a narración é fluída, lixeira, sempre coas verbas adecuadas, mantendo o interese do lector até rematar. Remate que, por certo, resulta moi ben concibido por inesperado e simpático:

*Mulei Mohamede mudou de nome. No sucesivo chamouse Juani-  
to Mojamá. E, anos andados, tivo grande amizade co poeta Bernardino  
Graña*<sup>47</sup>

3.4.2.3 Manuel María, *Historias do empardecer*, Santiago de Compostela, Edicións Laivento, 2003, 76 pp.

Contén quince relatos curtos, agrupados en dúas partes; na segunda, editase de novo *O milagre de Santiago Apóstol...*, publicado no volume colectivo da entrada precedente:

*BREVE NOTICIA DALGÚNS QUE NON SON BEN DE SEU TAMÉN  
CHAMADOS PRIVADIÑOS OU DERRAMADOS*  
*O señor Manuel da Brocha Grosa*  
*O Gabrieliño do Castro*  
*Muñocito*  
*O Anastasio*  
*O Penelo*  
*Chaiño de Loentia*  
*O Tumbalobos*  
*O Merexildo*  
*Codiña de Pan e Queixo*  
*A tola de Vilauxe*  
*O suborno*  
*PEQUENAS CRÓNICAS DE FIGURANTES, CAMIÑANTES E  
MAREANTES*  
*Unha sombra vai polo camiño*  
*O milagre de Santiago Apóstol que non figura no Códex Calistino*  
*No campo hai unha ermida*  
*As persoas e as cousas son “asegún”: Ensaio histórico*

Os relatos da primeira parte, en número de once e todos eles moi curtos, presentan rápidos retratos de tipos curiosos, moi variados, na maior parte sen dúbida

<sup>47</sup> Manuel María, *O milagre de Santiago...*, en AA. VV., *Contos no camiño*, p. 101.

reais, que se moven fundamentalmente na bisbarra de Outeiro de Rei, e outras veces, poucas, en Lugo ou lugares da provincia de Lugo.

Meirande interese teñen as catro “pequenas crónicas”, da segunda parte. Ademais de *O milagre de Santiago Apóstol*, que xa fora publicado sete anos antes, en 1996, salientan nidiamente dúas. En *No campo hai unha ermida* (pp. 61-66), achamos unha versión completa dos avatares da ermida de Santa Isabel de Outeiro de Rei, cuxa tristeira desaparición nos contara Manuel María nun conto para nenos do ano 1994, do que xa falamos. Agora, nesta nova versión, dúas páxinas e media máis longa que a primeira, a historia complétase cun milagre contrario ao primeiro, consistente na reaparición da ermida, que, “competentemente restaurada, estaba de novo no lugar que ocupara dende había séculos” (p. 65); todo iso, segundo o relato, foi cousa máxica, un milagre semellante aos narrados na *Novena en honor da Gloriosísima Santa Isabel*, pero nós sabemos que a cousa ocorreu, pero non por milagre, senón en resposta á repetida e insistente petición de Manuel María ante as autoridades competentes, cousa que non se di no relato.

No relato *As persoas e as cousas son “asegún”*: *Ensaio histórico* (pp. 67-76) ocorre un feito que chama a atención de quen, como é o meu caso, tivo a oportunidade de ler toda a narrativa de Manuel María en orde cronolóxica: dos catro primeiros contos que aparecían en 1951 no volume *Presencia de Curros y D<sup>a</sup>. Emilia*, o titulado *O Tío Casas* resultaba sen dúbida o mais traballado, tamén o preferido polo autor, que máis tarde o recolleu en novas edicións, e que fai referencia a este personaxe de Outeiro de Rei en moitas ocasións; pois ben, neste relato que estou a comentar, o último publicado por Manuel María nun libro enteiraamente seu, e, dende logo, o último libro que o noso escritor viu publicado en vida, atopamos un intento de “ensaio histórico” para indagar como foi a fin daquel personaxe tan querido por el, o Tío Casas.

Na madurez absoluta da narrativa de Manuel María, a un ano do seu falecemento, a colección de relatos *Historias do empardecer*, ilustradas a petición súa por Ana Pillado Vega, vai precedida por unha emocionante “Carta prólogo” ao seu gran amigo, e neste caso editor do libro, Francisco Pillado Maior, que pode considerarse tamén unha peza mestra da narrativa do noso escritor, e na que agroma esa inmensa bonhomía que definiu a personalidade de Manuel María.

Por último, como unha vez mais o noso autor nos define as claves dos seus libros, neste caso nun parágrafo da “Carta prólogo”, penso que paga a pena reproducilo:

*Para tecer estes escritos tomei como modelo narrativo as noticias xornalísticas, as “Cousas” de Castelao -pido perdón polo atrevemento-, o xeito breve do escritor guatemalteco Augusto Monterroso, aproveitando o seu apelido para homenaxear os emigrantes galegos de todo tempo e lugar, e tamén os artigos dos boletíns dos museos e mesmo os discursos académicos, xeralmente moi fermosos, ateigados de rigor e sanas doutrinas*



*nas, amenos, orixinais, eruditos, con tantas citas transcendentales e, máis que nada, tan útiles e necesarios*<sup>48</sup>.

3.4.2.4 Manuel María, *Ensaio histórico, biográfico e filosófico que parece un conto*, en AA. VV., *Contos de trabes, animais, parvos e un ensaio*, Vigo, Xunta de Galicia, 2004, pp. 7-20.

Este último relato, publicado no ano 2004, non sei se antes do deceso de Manuel María, consiste na dura parodia de un escritor parvo, como hai máis de un, pero “*repetidamente laureado con loureiros enteiros, sen contar os seus medios loureiros e os ramallos de loureiriño*” (p. 7), que pasou un día por Outeiro de Rei en plan de descubridor, acabou enterrado na lama mentres buscaba o regato Cepelo e tiveron que ir os bombeiros a rescatalo, co que “*queda demostrado como un laureado escritor pode ollar para os lonxes do mundo e non decatarse do que ten diante de si*” (p. 17). Tiña o descoñecido escritor méritos abondo para gañar todos os loureiros do mundo.

#### 4. TRAZOS FUNDAMENTAIS DA NARRATIVA DE MANUEL MARÍA. NOTAS PARA UN ESTUDO

Sei perfectamente que xa superei con creces tanto o tempo como as páxinas de que dispoñía no meu relatorio. Daquela, despois dun achegamento profundo á totalidade da narrativa propiamente dita de Manuel María, gustárame ao menos sinalar os aspectos fundamentais que, ao meu ver, serven para definila e deberían ser tomados como guieiro para un estudo pormenorizado, que non renuncio a facer en ocasión e tempo adecuados. Nese estudo sería preciso tratar como trazos fundamentais:

4.1. A paisaxe física (e anímica), moi constante na práctica totalidade da narrativa de Manuel María, sexa en forma de relatos, de contos, de novelas curtas: é a Galiza situada arredor da patria do noso escritor, que el denomina con moita reverencia Outeiro de Rei da Terra Cha, as poboacións da bisbarra, sen eludir a capital da provincia, Lugo, cunha atención especial ás augas, aos regatos e aos ríos máis importantes, e, por riba de todo, cun amor infinito polo pai de todos eles, o Miño. Manuel María foi na súa narrativa tamén o cantor da Terra Cha, non menos que na súa obra poética. Con ese espazo xeográfico, non moi extenso, pero para el inmensamente grande, tivo bastante para localizar a súa non pequena escrita narrativa<sup>49</sup>.

4.2. A paisaxe: Manuel María reflicte a paisaxe que corresponde a esa paisaxe física de que acabo de falar, mais o amor que sente por ela determina a escolma dos seus personaxes, que son na maioría dos casos as xentiñas de a pé, os labregos

<sup>48</sup> Manuel María, *Historias do empardecer*, p. 8.

<sup>49</sup> Un estudo moi ben orientado da interpretación espiritual da paisaxe na obra de Manuel María, feito fundamentalmente a partir da obra poética, pero igualmente valioso para a narrativa, é o de Roxelio P. Moreira, “A paisaxe habitada”, en A. C. Xermolos, *Manuel María*, cit., pp. 37-82.



humildes, os pobres, as súas familias, as mulleres, os nenos. Polos nenos sente unha adoración constante, sobre todo polos meniños que teñen que renunciar á escola e, dende unha idade moi curta, servir de criados indo ceibar os gandos: é a figura tan frecuente do pegureiro. E tamén están os emigrantes. E tamén os señoritos, pero tratados con dureza mitigada, poucas veces con acritude extrema, que reserva para caciques e políticos corruptos. Como moi ben escribiu Ramón Villares:

“Trátase dunha xente máis ben anónima do que heroica, que non dispuxo no pasado de grandes feitos rechamantes, pero que soubo resistir as adversidades do destino histórico e que abrollou neste século vinte coa forza que dá a enerxía forxada no esforzo, na superación de dificultades e na vizosidade de quen se sabe gañador dun combate histórico nunca declarado pero celebrado de forma cotiá século tras século”<sup>50</sup>

4.3. A situación política: sobre todo nos contos e novelas da etapa dos anos 1950 a 1973, reflíctese coas cores axeitadas a situación política de miseria económica e de miseria moral que trouxo a Galiza a sublevación militar e subseguinte ditadura dese home nefasto que se chamou Francisco Franco.

A paisaxe do Lugo labrego, a paisanaxe das xentes que loitan cada día nunha supervivencia dura, pero digna, nun ambiente politicamente hostil, é o cadro de sombras rosalianas que atopamos debuxado cos matices precisos na narrativa de Manuel María, que debe ser estudada dende a perspectiva social e dende a perspectiva puramente artística, porque dende ambos enfoques resulta sumamente atractiva e interesante.

## 5. O GALEGO DA NARRATIVA DE MANUEL MARÍA

Sei moi ben que non son eu a persoa máis indicada para ocuparme deste aspecto importantísimo da narrativa do noso escritor; pero, ademais, non creo que teña precisión de facelo nun Congreso como o presente, no que hai toda unha sesión loxicamente dedicada a este aspecto, a Sesión 5ª, que leva como enunciado “Manuel María e a construción do idioma”. De todas maneiras, sen pretensión algunha de sinalar pautas que, con toda seguridade, marcarán os profesores Ramón Mariño Paz e Xosé Ramón Freixeiro Mato con todo acerto, limitareime a subliñar que a abundante narrativa do noso autor, escrita nese longo período de cincuenta anos, tan importantes no desenvolvemento da lingua galega, son un documento de inmenso valor para o seu estudo, de modo especial dende tres perspectivas:

<sup>50</sup> R. Villares, “Historias da Terrachá e dos chairegos”, en A. C. Xermolos, *Manuel María*, cit., p. 83.

5.1. Como documento do galego popular, o galego dos labregos e das xentiñas que se moven ao longo dos relatos.

5.2. Como documento do galego da provincia de Lugo, coa súa fonética, morfoloxía e léxico, que se atopa moi ben representado nas súas formas auténticas, sobre todo nas primeiras edicións das obras narrativas, antes das revisións feitas polo propio Manuel María, que en boa parte consistiron tan só nunha adaptación ao galego normativo común.

5.3. Como documento da evolución do galego literario ao longo da segunda metade do século XX, con preciosos exemplos proporcionados polas frecuentes dobres versións dunha mesma obra na forma orixinal das primeiras edicións e na forma evolucionada das revisións feitas polo escritor entre vinte e corenta anos máis tarde.

Los Ogijares (Granada), no primeiro ano sen Manuel María.